

Asunto: Alegacións á RESOLUCIÓN de 26 de julio de 2023, de la Jefatura Territorial de Pontevedra, por la que se someten a información pública el estudio de impacto ambiental y la solicitud de autorización administrativa previa y de construcción, el proyecto de interés autonómico y la declaración de utilidad pública, en concreto, de las instalaciones de la LAT 66 kV PE Dos Cotos-SE Pontesampaio, emplazada en los ayuntamientos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas y Pontevedra de la provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/122). DOG num 161, de data 25 de agosto de 2023.

Don/Dona _____, con DNI. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista da resolución de 26 de julio de 2023, de la Jefatura Territorial de Pontevedra, por la que se someten a información pública el estudio de impacto ambiental y la solicitud de autorización administrativa previa y de construcción, el proyecto de interés autonómico y la declaración de utilidad pública, en concreto, de las instalaciones de la LAT 66 kV PE Dos Cotos-SE Pontesampaio, emplazada en los ayuntamientos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas y Pontevedra de la provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/122). DOG num 161, de data 25 de agosto de 2023,

Por medio do presente escrito, expoño as seguintes alegacións ao proxecto en relación ás afeccións que vai supoñer para o territorio de Cerdedo-Cotobade e en especial á parroquia de Borela, Rebordelo, Loureiro, Almofrei e Aguasantas. O termo municipal de Cerdedo-Cotobade vese afectado pola implantación do tramo inicial subterráneo (tramo 1-3) e por parte do tramo aéreo (apoios 1-18: tramo 3-5).

ALEGACIONES:

PRIMEIRA.- Concepto unitario consustancial a un parque eólico. División do proxecto eólico cunha fragmentación artificial.

A LAT 132 kV subestación PE Dos Cotos – Subestación Pontesampaio ten o obxecto de evacuar a enerxía producida polo parque eólico dos Cotos. O parque eólico e a súa subestación transformadora están tramitándose baixo o expediente administrativo IN661A 2011/18-4, pero a liña eléctrica é obxecto doutro proxecto independente promovido pola mesma promotora (Tiraventos, S.L.), expediente IN408A 2020/122.

O artigo 21.5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, dispón que “formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

O artigo 21.7 da Ley 54/1997, de 27 de novembro, del Sector Eléctrico que sinala que “La actividad de producción incluirá la transformación de energía eléctrica, así como, en su caso, la conexión con la red de transporte o de distribución”.

Desta maneira, o promotor debería estar obrigado a someter a tramitación nun só EsIA e no mesmo expediente administrativo todas as infraestruturas que fan viable a xeración e distribución da enerxía. Sen embargo, parque eólico e liña de evacuación son obxecto de tramitación independente e estudos de impacto ambiental separados, cando a LAT resulta imprescindible para a viabilidade e desenvolvemento do parque eólico indicado.

Un parque eólico debería ter un carácter unitario en canto a todas as infraestruturas necesarias para o seu funcionamento: centro de control, subestación e liña de conexión de evacuación a rede eléctrica. Todas as súas infraestruturas, necesarias para o seu funcionamento e evacuación, deberían someterse conxuntamente a avaliación ambiental e non separadas en distintos proxectos independentes.

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de Dereito sexto o que segue:

“3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se

prescindiú, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

A Sentenza do TSX de Castilla-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindiendo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

SEGUNDA.- O proxecto non cumpre cos requisitos para ser considerado de interese autonómico.

Hai unha falla de xustificación de interese autonómico propio da LAT. Xustifícase o interese da LAT pola existencia dun parque eólico que vai xerar enerxía para outros lugares, cando son dous proxectos que se están a tramitar separados. Non é suficiente a xustificación da instalación das infraestruturas en varios municipios (Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas e Pontevedra), senón que ademais debe estar acreditado a existencia dun interese xeral.

Non queda acreditado que o proxecto da LAT supoña un desenvolvemento económico comarcal e local e que as actuacións previstas posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica.

Non se analizan os danos económicos ligados ao uso do monte. O forestal é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e a descarbonización da economía. Nas parroquias de Cerddo-Cotobade afectadas, existen xa plantacións rexistradas como sumidoiros de CO₂ e o estudo non avalía as repercusión da súa tala, tanto para o cambio climático como para a economía das comunidades de montes.

Non hai unha análise da incidencia social do proxecto, tendo en conta o forte rexeitamento social á masiva implantación de proxectos eólicos na contorna. En conxunto, os aeroxeneradores en funcionamento ou autorizados e os que aínda están en trámite, só nun radio de 15 km á LAT obxecto deste estudo, segundo o documento, suporía a existencia de 178 aeroxeneradores.

Coa falla de análise da aceptación social e interese público, a falta dun estudo específico das derivacións económicas e de desenvolvemento comarcal e local que vai supoñer a LAT do PE dos Cotos (non baseado en conceptos xerais válidos

para calquera proxecto de enerxía eólica)...non queda acreditado substantivamente o interese autonómico, a función vertebradora do territorio, a dinamización demográfica nin a utilidade pública do proxecto.

TERCEIRA.- Falla de estudo do impacto social e económico.

A lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, dispón no seu Anexo VI, exame de alternativas: análise multicriterio, non só criterios económicos, senón tamén aspectos de carácter social e ambiental.

Segundo o artigo 25 da Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética, o despregamento das enerxías renovables debe levar a cabo de maneira compatible coa conservación do patrimonio natural e a adecuada ordenación territorial. Para iso, perseguirá revertir parte da riqueza que xera no territorio onde se realice o referido despregamento para activar a súa economía e combater o declive demográfico.

Non se avalía a afección sobre a calidade de vida dos residentes, actuais e futuros, da contorna onde se instalará a LAT e subestación do PE Dos Cotos. Considérase de interese de utilidade pública a construción do parque eólico polo beneficio para a poboación en xeral de obter enerxía renovable e menor dependencia dos combustibles fósiles. Con todo, a poboación local que recibe os impactos e cargas como consecuencia da construción do parque e a súa rede de evacuación non ve revertido un impacto positivo local na súa calidade de vida nin na súa economía local.

Respecto ao impacto positivo no desenvolvemento rexional ou en concreto do municipio de Cerdedo-Cotobade, onde se executa o parque eólico Dos Cotos e parte do trazado da liña de evacuación, non se considera no documento do EsIA o impacto social negativo que pode supoñer a presenza destas instalacións. Non se avalía o feísmo paisaxístico que vai suponer tanta infraestrutura eólica na zona e a súa influencia na elección de residentes actuais e futuros de non vivir nos pobos rurais da contorna ao considerar que non é calidade de vida de referencia do rural (calidade sonora de campo aberto, calidade visual paisaxística, etc). Un rural máis despoboado, con 11 parques eólicos proxectados en Cerdedo Cotobade coas súas liñas eléctricas asociadas ou máis de 178 aeroxeneradores na contorna de 15 km á LAT, supón un menor atractivo do municipio, limitacións de uso e actividades ao modificar o réxime urbanístico de 11 áreas poligonais e liñas eléctricas cruzando o municipio. Esta consideración, por tanto, debe especificarse no EsIA, no estudo de sinerxias e impactos acumulativos.

Os beneficios socioeconómicos do proxecto a nivel local non están avaliados á escala adecuada. Non se avaliou a evolución probable da alternativa "sen proxecto" desde o coñecemento concreto da zona de implantación. O promotor baséase para a súa xustificación en datos xenéricos a e por tanto é válida literalmente para calquera proxecto eólico ou instalación de liña eléctrica en calquera emprazamento.

Se debe realizar un estudo da previsión do impacto socioeconómico no concello e na comarca, onde se aclaren as afirmacións xenéricas da promotora expostas no documento.

O alegante non considera que a implantación da infraestrutura de evacuación do parque eólico dos Cotos vaia supoñer un beneficio para os veciños en termos de emprego e desenvolvemento económico.

CUARTA.- O EsIA non presenta unha análise completa e exhasutiva da alternativa de non execución (alternativa 0) da LAT.

Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 en relación aos aspectos ambientais, sociais e económicos. Non se cuantifica a magnitude de impactos da alternativa 0.

A lei de avaliación ambiental, no seu artigo 35, apartado b, determina:

Descrición das diversas alternativas razoables estudadas que teñan relación co proxecto e as súas características específicas, incluída a alternativa 0, ou de non realización do proxecto, e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos do proxecto sobre o medio ambiente.

No Anexo VI da devandita lei no exame de alternativas recóllese que ademais se deberá ter en conta os aspectos de carácter social e ambiental e que a alternativa 0 será a hipótese de referencia, e que se debe realizar unha evolución probable da non realización do proxecto.

O estudo desestima a Alternativa cero enumerando os aspectos positivos da existencia dun parque eólico. Xustificacións xerais e comúns a calquera proxecto de enerxía eólica.

Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 en relación a todos os aspectos ambientais e sociais da zona, sobrevalorando os impactos positivos. Non se analiza os efectos positivos da cobertura e usos do solo. Se descarta sen un estudo específico para o proxecto da LAT subestación dos Cotos – subestación Potesampaio. Ademais, as xustificacións que enumeran están máis baseadas no parque eólico que na liña de evacuación, o cal non debería ser ao estar tramitándose como proxectos independentes e de forma separada.

A descrición da alternativa 0, céntrase na renuncia dos efectos positivos do desenvolvemento da enerxía eólica, sen analizar os efectos positivos das coberturas e usos do solo nin se avalía e cuantifica a evolución probable da alternativa "sen proxecto" por exemplo con outro tipo de iniciativas como a creación de superficies forestais como sumidoiros de CO2 ou instalacións de autoabastecemento enerxético como comunidades enerxéticas locais nos núcleos de poboación desa contorna.

Non se avalía a aportación dos sumidoiros de carbono forestais. Proxectos recollidos no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, no Acordo de París e no artigo 26. Fomento da capacidade de absorción dos sumidoiros de carbono da Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética:

Por tanto, a alternativa 0 abre a posibilidade a outro tipo de proxectos que tamén poderían suponer unha consecución nos obxectivos da loita contra o cambio climático. O EslA, nin fai mención nin avalía cuantitativamente a presenza de sumidoiros de carbono afectados polo conxunto do proxecto eólico Dos Cotos.

Por tanto, os impactos, positivos e negativos, da alternativa 0 deben ser tamén cuantificados cun análise multicriterio como o resto de alternativas. A non execución do proxecto terá tamén impactos no crecemento rexional e desenvolvemento rural.

QUINTA.- Afeccións a montes veciñais comunais e núcleos de poboación de Cerdedo-Cotobade.

O EslA recolle que o trazado da LAT discorre por montes veciñais. No caso concreto de Cerdedo- Cotobade, o plano 9 representa en cartografía a afección polos MVMC de Borela, Almofrei e Aguasantas. O trazado da liña tamén tera afeccións nos montes veciñais de Loureiro e Rebordelo. CMVMC que non se mencionan no documento nin na cartografía, pero sí na RBDA. Algunhas CMVMC teñen plantacións rexistradas como sumidoiros de CO2 que non se avalian no EslA e se debería analizar e cuantificar os posibles impactos sobre estas superficies e de ser o caso, medidas de compensación económica. O EslA debería incluír cartografía, a escala adecuada, das superficies sumidoiros afectadas e descrición da superficie afectada.

A construción da LAT vai suponer unha alteración visual da paisaxe nos seguintes núcleos de poboación da parroquia de San Martiño de Borela, Cerdedo-Cotobade: A Graña (núcleo máis próximo ao trazado a uns 750m), A Senra, A Brea, O Picoto de Abaixo e Ponte Borela. Ao cuantificar o impacto visual da LAT de forma independente ao parque eólico, estase a diminuir de forma artificial a magnitude do mesmo.

Respecto a manancias de abastecemento a eses núcleos de poboación, o promotor debería contemplar medidas específicas dentro do marco do Plan de Vixilancia para controlar a calidade da auga das traídas afectadas e controlar a presenza de trazas contaminantes ou diminucións de caudal que poidan revertir negativamente aos veciños e animais dos núcleos de poboación. En todo caso, o promotor debería repoñer a súa reposición de produciuse algún tipo afección.

SEXTA.- Estudo de sinerxias pouco rigoroso e actualizado.

O documento só realiza o estudo tendo en conta exclusivamente o Rexistro Eólico de Galicia. Non se revisa a existencia de proxectos de infraestruturas eólicas, de trámite de competencia estatal, que non se recollen no Rexistro Eólico de Galicia. Por exemplo, o parque eólico Rula. Ademais, no Rexistro Eólico non aparecen cartografiadas as liñas eléctricas de evacuación. O promotor debería realizar o estudo de sinerxias e impactos acumulativos con toda a información actualizada e completa no data de redacción e non basearse só en cartografía non actualizada frecuentemente.

A construción do proxecto eólico Dos Cotos (parque e LAT) vai a ter un efecto visual repetitivo e de fragmentación no territorio que debe esixir realizar un estudo de sinerxias moi exhaustivo e con toda a información actualizada para avaliar a fragmentación, efecto barreira e capacidade de acollida do territorio desa contorna.

Aínda tendo en conta só o Rexistro Eólico de Galicia, o documento enumera as elevadas cifras de aeroxeneradores de parques eólicos da zona. Só en 15 km arredor da LAT de evacuación dos Cotos existen funcionando ou autorizados 96 aeroxeneradores e en trámite 82 aeroxeneradores. "Se se chegan a construír todos os parques eólicos na conca de 15 km da liña habería un total de 178 aeroxeneradores de diferentes tamaños e características. Na conca de 5 km, aparecen da orde de 8 liñas eléctricas aéreas de alta tensión principais, coas súas ramificacións".

O estudo de sinerxias é polo tanto pouco rigoroso e actualizado. Resulta necesario requerir unha avaliación ambiental das sinerxias de todas as infraestruturas eléctricas autorizadas ou en trámites iniciais, incluídas todas as súas redes de evacuación coas localizacións actualizadas, antes de formular a declaración ambiental dado a relevancia de que o territorio de implantación está altamente saturado por proxectos de parques eólicos e redes de evacuación de media e alta tensión. Mentres que cada parque eólico e a súa liña de evacuación pode supoñer un risco pequeno para a biodiversidade de maneira individual, a agrupación deles (11 parques eólicos proxectados e as súas liñas eléctricas asociadas no termo municipal de Cerdedo-Cotobade) podería dar lugar a efectos acumulativos moi significativos.

A Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por tanto, Tiraventos SL, sendo o promotor tamén de os PE Cotos II e o PE Chan dos Meniños e a súa liña de evacuación, debería contemplarse tamén estas infraestruturas no estudo.

SETIMA.- Afeccións a espazos naturais protexidos, vexetación e fauna.

Existen dous espazos protexidos da Rede Natura 2000 próximos ao tramo da liña que discorre por Cerdedo-Cotobade: LIC ES1140002 do río Lérez (a 3,5 km ao oeste) e o LIC ES1140002 da Serra do Cando (a 4,2 km). Este último sendo área prioritaria de protección por avifauna ameazada e zona de protección avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión. Aínda que o trazado non atravesa delimitación Rede Natura no termo municipal de Cerdedo-Cotobade, si poden xerarse afeccións e alteracións das especies desa zona de conservación dado a súa proximidade.

A sentenza 00311/2020, de 11 de decembro de 2020 do TSXG (procedemento ordinario nº 0007342 / 2019) indica ao efecto: "O impulso da enerxía eólica debe planificarse evitando toda posíbel interferencia para a ampliación da Rede Natura, salvando o impacto visual dos parques eólicos nas proximidades do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), sen que poidan situarse os parques eólicos e logo pretender ampliar a Rede Natura cando as especies a protexer non entenden de planeamentos ou fronteiras, polo que as zonas ecoloxicamente relevantes deben obter unha protección íntegra, sen que poda haber espazos protexidos rodeados de muíños".

Ante a masificación de proxectos eólicos na contorna, que aínda que evitan atravesar e localizarse en superficie protexida Rede Natura, a súa distribución está provocando unha seria e grave fragmentación do territorio e un impacto severo na conectividade do territorio. A adecuada xestión dos espazos protexidos da Rede Natura non permite conservar a biodiversidade se non é acompañada dunha adecuada xestión da matriz territorial. Para alcanzar a conectividade ecolóxica é necesario ir máis alá da protección exclusivamente da delimitación da superficie da Rede Natura 2000. A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007.

A avaliación de repercusións sobre estes lugares debe atender ao disposto na Directiva 92/43 do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, no seu artigo 6: "Art.6. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar(...)". Por iso, o estudo de impacto ambiental debería ter a amplitude e o rigor necesarios para evitar e corrixir as repercusións do proxecto eólico sobre estes espazos. Débese ter en conta os obxectivos de conservación dos lugares naturais e para os efectos que as actuacións producen, atender non só as sinerxias cos outros parques próximos, senón tamén con todas as liñas eléctricas autorizadas ou en trámite, estean estas localizadas dentro ou fóra do espazo natural e con independencia da distancia á que se sitúen, considerando ademais que as liñas demarcatorias dos espazos protexidos non rexen para a natureza.

No termo municipal de Cerdedo-Cotobade, o trazado da liña eléctrica discorre por áreas de zona de máxima sensibilidade ambiental, segundo cartografía do Xeoportal con zonificación do Índice de sensibilidade ambiental para implantación de aproveitamento da enerxía renovable eólica, do Ministerio para a Transición ecolóxica e o Reto Demográfico, MITERD. O trazado da liña en Cerdedo-Cotobade atravesa unha tesela cos seguintes hábitats:

4030 Uceiras secos europeos; 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii, 4020 Uceiras húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix.

En relación ao cambio climático non se fai mención nin se cuantifica o efecto de sumidoiro de carbono das masas forestais rexistradas como tal no ámbito afectado polos apoios, trazado e calle de seguridade da liña eléctrica. Deberíanse establecer medidas compensatorias pola eliminación de ditas masas forestais.

O impacto xeral provocado pola acumulación de parques eólicos pode xerar graves afeccións aos animais da contorna. A concentración de parques e as liñas eléctricas de evacuación podería supor un incremento significativo da mortalidade dado o efecto barreira. A perda de conectividade ecolóxica vulnera a Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. O estudo non realiza unha avaliación dos impactos sobre a fauna (avifauna e quirópteros) coa presenza de todas as liñas eléctricas en trámite.

OITAVA.- Afeccións a patrimonio cultural.

O proxecto da LAT de evacuación do PE Dos Cotos non cumpre co recomendado no Informe da Comisión Técnica Temporal sobre Enerxía Eólica e Paisaxes Culturais en Galicia.

A pretensión de construír só no termo municipal de Cerdedo-Cotobade, 11 parques eólicos, racha coa conectividade entre lugares, coa imaxe da paisaxe tradicional e coa memoria colectiva dos seus habitantes. O estudo non avalía o patrimonio cultural de forma integral. O estudo de impacto patrimonial presenta especificidades que desconectan a avaliación do impacto sobre o patrimonio, da avaliación social: o patrimonio non se considera conxuntamente coa sociedade.

O patrimonio cultural, que é en si mesmo un valor social, que non ten sentido sen a paisaxe en que se integra e da que forma parte, é valorado aparte tanto do conxunto ambiental e paisaxístico, como dos axentes sociais aos que supostamente pertence. Por non falar do patrimonio inmaterial, que sen as prácticas sociais en que se encarna perde todo o seu sentido. O documento non avalía a interacción do patrimonio co medio ambiente e coa sociedade.

NOVENA.- Plan sectorial eólico non sometido a avaliación ambiental estratéxica.

O Plan sectorial eólico de Galicia (ao que debe adaptarse o proxecto eólico Dos Cotos) non consta sometido ao citado procedemento de avaliación ambiental estratéxica atendendo ao previsto nos artigos 31 ao 53 da Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o cal supón un incumprimento da lexislación ambiental vixente en España.

Este feito condiciona e limita, de facto, a avaliación dos impactos asociados á implantación do proxecto. Ao non facerse un estudo de impacto ambiental estratéxico do plan marco encargado de coordinar os proxectos eólicos existen deficiencias manifestas na utilidade dos mecanismos de control ambiental.

Segundo o artigo 1, da Lei 9/2006, sobre avaliación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente, “tiene por objeto promover un desarrollo sostenible, conseguir un elevado nivel de protección del medio ambiente y contribuir a la integración de los aspectos ambientales en la preparación y adopción de planes y programas, mediante la realización de una evaluación ambiental de aquellos que puedan tener efectos significativos sobre el medio ambiente”. Segundo o artigo 3, apartado 1, un plan ou programa debe someterse a avaliación ambiental estratéxica se ten “efectos significativos”. O plan eólico de Galicia que debe coordinar e planificar a implantación da enerxía eólica no territorio e ser o marco de referencia para os proxectos, claramente ten efectos significativos sobre o medio ambiente, territorio e sociedade e polo tanto, polo principio de cautela e necesidade de protección de medio ambiente, debe ser sometido a avaliación ambiental.

Non sometelo a dita avaliación supón non ter en conta a participación cidadá no proceso planificador, incumprindo así a Directiva 2001/42/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de junio de 2001, relativa a la evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

O rexeitamento da estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública das instalacións da LAT 66 kV PE Dos Cotos – SE Pontesampaio, emprazada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas e Pontevedra da provincia de Pontevedra (IN408A 2020/122) por todo o exposto nos motivos anteriores.

Cerdedo-Cotobade, de de 2023

Asdo.- _____